



Polafía na Guarda

[Remitido A Guarda](#), [Axenda](#) Nov 14, 2012

Será este venres ás 20h. No Centro Cultural



A Guarda | Baixo o nome de “Polafia”, a Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración con Ponte nas Ondas e o Concello da Guarda celebrará un encontro para recuperar o noso patrimonio oral.

Desde 2007, a Asociación de Escritores en Lingua Galega desenvolve, a través da súa sección de Literatura Oral, as polafias, unha iniciativa que pretende a través de encontros por toda a xeografía galega recoller os contos, cancións e historias populares. Estes encontros son gravados en vídeo e subidos á rede.

O termo polafia é un neoloxismo, referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. Como neoloxismo quere reunir no seu significado os matices de vellas palabras como polavilas, fias, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos.

Este venres chegará á Guarda un destes encontros, no que teremos a oportunidade de disfrutar coa recuperación dos nosos valores tradicionais. Durante 90 minutos escoitaremos falar as xentes da nosa vila e comarca sobre as cuestións máis cotidianas, pero que mor do cambio na forma de vida están a piques de perderse. Historias sobre o modo de vida tradicional, os oficios, o noso patrimonio, e como no os contos e a música popular, encherán a velada do venres no Centro Cultural guardés. A velada será presentada e moderada por José Font (director de Radio Tui).

Se queredes saber máis sobre esta interesante proposta podedes achegarvos á páxina da AELGA, onde se atopan os vídeos das polafias desenvoltas ata o día de hoxe.

Polafia na Guarda

De costa a costa: historias do mar que amamos

Venres, 16 de novembro, ás 19:30 horas

Centro Cultural da Guarda

Rúa Rosalía de Castro, 14

ENTRADA LIBRE

Coa participación de:

Carmen Baz, redeira

Xurxo Chirro, Aproximacións modernas ao patrimonio

Xosé Lois Vilar, Talasonimia, os nomes do mar en Galicia e Portugal

Praxiteles González Martínez, Cavaqueiro do Rosal

José Benito Rodríguez González, "Tito Chirro" (maríneiro)

Xerardo Santomé e Camilo, Treboada de Tomiño
Maria Aurora Botao Pereira, O nascimento da pesca en V.P. de Ancora e o contributo de A Guarda

Música

Tino Baz e Grupo de Pandereteiras Xamaraina

Rimas populares lidas por

Isidro Novo

Presenta

Jose Font, director de Radio Tui

Colaboran

Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!

Concello da Guarda

Co patrocinio de

Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

Mais información:

<http://www.aelg.org>